
OS NOMES DE LUGAR EN PONTECESURES



Concello de
Pontevedra

PRESENTACIÓN

Coñece-la orixe e o significado dos nomes de lugar, supón volver ó pasado ás veces moi lonxano e revivir as motivacións que lle deron principio. O home, ó nomea-la terra intenta humanizala, face-la súa, e nese sentido en Galicia pódese falar dunha simbiose total entre paisaxe e poboadores, cada regato, cada leira, cada recuncho ten o seu nome. Ten isto que ver sen dúbida coas crenzas dos nosos antepasados xa que o politeísmo celta tiña como obxecto de veneración os elementos naturais. Ten que ver tamén coa xeografía accidentada, coa fragmentación da propiedade e sobre todo co carácter tradicional da sociedade labrega e mariñeira que favoreceu que se mantivesen estes nomes ás veces á marxe da nomenclatura oficial. Todo isto propiciou que hoxe posuamos un patrimonio toponímico case inabarcable. Teñamos en conta un dato:

só o nomenclátor oficial de Galicia supón a metade dos topónimos do estado español, iso quedando fóra os chamados topónimos "menores" (nomes de toxeiras, leiras, fontes, pozos, camiños de paso entre leiras...)

A intención deste traballo é sobre todo divulgativa, tentando ser rigurosos pero primando a claridade por riba de cuestións lingüísticas.

Que este legado histórico, transmitido de xeración en xeración non se perda depende de nós, e para iso ten que ser coñecido e valorado por todos. Isto faise especialmente necesario nun pobo moderno como Pontecesures que ten a sorte de acoller novos veciños procedentes doutros concellos.

A atención adicada a cada topónimo vai en función do propio nome de lugar, hainos transparentes no seu significado por existir aínda na lingua común, e hai outros que non, que, mesmo para os propios habitantes, non teñen máis significado có de designar unha realidade xeográfica, precisando unha explicación máis fonda; noutros casos a extensión vai en función da importancia histórica.

No ano adicado a Fr. Martín Sarmiento é de xustiza invocar aquí o seu nome por ser iniciador da toponimia científica co seu "Onomástico etimológico de la lengua gallega", en pleno séc. XVIII. Foi o primeiro en introduci-la clasificación da toponimia galega por categorías semánticas. Seguindo os seus pasos neste traballo tamén fixemos unha clasificación en seis categorías semánticas, tratando de xeito independente o propio nome do concello:

A terra

A auga

Asentamentos humanos e vías de comunicación

Fauna e flora


O traballo

Nomes propios



Fr. Martín Sarmiento

PLANO XERAL DE PONTECESURES



TOPÓNIMO: PONTECESURES

Nun principio para a explicación do topónimo tomouse como punto de partida o nome actual, estendéndose a opinión de que o nome era motivado pola Ponte romana sobre o Río Ulla. Así figuraba incluso no antigo escudo do concello "Pons Caesaris", ponte do César.

Sen embargo para chegar á orixe correcta do nome cómpre partir de Cesures, orixinal e verdadeiro nome que atopamos illadamente, sen aludir á ponte na documentación antiga. Un exemplo: en 1266, na cesión dunha viña ó Cabildo Compostelán "excepta uinea de Cesuris qam donauimus capitulo compost".

Non cabe dúbida de que o nome de Cesures procede do latín, pero houbo ó longo da historia distintas versións sobre a orixe etimolóxica. Para López Ferreiro derivaba de "cessuris" co hipotético significado de "para os camiñantes" (do verbo latino cedo, camiñar).

Outros, baseándose en que á beira da Ponte tiñan lugar as operacións de catastro e pago de tributos, tan do gusto dos romanos, atribuíron a orixe á palabra "censuris". Tamén se barallou a hipótese de que aludise a un censor do Senatus Iriense", mercede ó cal tería sido levantada a Ponte (do latín censoris).

Todas estas opinións perden forza fronte á que hoxe se considera a máis axeitada que ten que ver coa orografía. Partiría o topónimo do verbo latino caedere "cortar", e faría alusión á cortadura, costa ou desnivel de terreo sobre o que se asenta a parte máis antiga da vila, Requeixo. Precisamente os nomes de lugar de Requeixo e Infesta, cun significado idéntico, afondan nesta idea.

Refórzase ademais esta teoría coa existencia ó longo da xeografía galega doutros lugares co mesmo nome de Cesures (nos concellos do Barco e Manzaneda) ou coa variante Cesuras, todas elas con poboacións situadas en similares desniveis de terreo.

Que o nome oficial do concello sexa hoxe Pontecesures débese á confusión con algúns dos nomes antes mencionados, sobre todo co coruñes de Cesuras (problemas en Correos, telégrafos e ferrocarrís), o que fixo que en 1926 se adoptase a forma actual.



Pontecesures

A terra

Inclúense neste capítulo aqueles nomes que conteñen calquera tipo de referencia á orografía, aspecto ou situación particular do terreo. Os máis abundantes son os referidos a elevacións, circunstancia común na toponimia universal xa que desde sempre o home sentiu un respecto case atávico polas montañas e alturas. A súa nomenclatura pertence ós estratos máis primitivos e conservadores en tódolos países, perpetuándose por milenios.

O politeísmo naturalista celta tiña como obxecto de veneración os sitios altos e esta veneración chegou ata o cristianismo. Aínda no século VI S. Martiño de Dumio porfiaba contra estas crencias e a Igrexa tentando cristianiza-la paganía encheu os cumios de cruces e hermidas.

Hai que ter en conta que cos cambios experimentados ó longo dos séculos, nalgúns casos as características físicas que motivaron o topónimo non se nos amosan hoxe claramente.

TOPÓNIMO: INFESTA

Significa lugar elevado, do latín infestus, de in+ fastus (alto). O significado vén reforzado por dous topónimos máis, o de Cesures e o de Requeixo que fan referencia os dous á costa ou desnivel que leva a un lugar elevado. Os tres nomes situados moi próximos entre si fan referencia ó mesmo detalle orográfico.

Infesta, na actualidade concentra parte dos servizos municipais, colexio público, biblioteca - casa da cultura e centro de saúde.




TOPÓNIMO: OUTEIRO

Con similar significado, procede da forma latina altariu, pequena elevación. É este un dos topónimos máis numerosos en todas as variantes, Outeiriño, Outeiral.... Cómpre resalta-la singularidade da súa localización xa que se circunscribe ó Noroeste Peninsular, estendéndose polo territorio que abrangúa o antigo reino de León, incluída Castela (coa forma castelán otero).




TOPÓNIMO: GROBAS

Ten un significado contrario ós anteriores, é dicir, de depresión do terreo, fondal. Procede da raíz xermánica grub - e subsiste aínda esta palabra no léxico galego actual, agora escrita con -v-, co mesmo significado ou referido tamén ás escavacións na terra debidas a enchentes de auga. Garda relación co topónimo As Encrobas (A Coruña), neste caso con aglutinación da preposición.



TOPÓNIMO: PORTARRAXOI

Palabra composta derivada do latín *portu ad Raxoi* "lugar de paso cara Raxoi", lugar veciño do concello de Valga. A palabra latina *portus* tiña o significado de lugar de paso entre montañas, que logo evolucionaría ó de entrada polo mar. A opción *Portarraxoi* e non *Porta Raxoi* foi adoptada pola Comisión de Toponimia da Xunta de Galicia para preservar mellor a orixe etimolóxica do nome e non dar pé a unha interpretación baseada na palabra "porta" á que, nunha primeira ollada parece aludir.




TOPÓNIMO: REDONDO

Proven da palabra latina rotundus "redondo", do latín rota "roda" e alude este nome de lugar á forma curva ou redondeada. Igual có topónimo Outeiro este é abundantísimo, non só en Galicia senón en toda a Romanía en múltiples variantes: Redondela, Campo Redondo, Silvarredonda, en catalán Camprodón, en francés La Ronde, Pierredón, etc.



TOPÓNIMO: CONDIDE


Ten orixe no latín *conditus*, participio do verbo *condo* "encerrar, ocultar". Vese claro no adxectivo escondido, do verbo *abscondere*, formado por *abs+condere*, "ocultar de". Hoxe non é doado saber a que alude exactamente o nome aínda que é fácil supoñer que a proximidade do monte faría difícil o acceso ó lugar, manténdoo así oculto.



TOPÓNIMO: CANTIÑO


Hai dúas opinións sobre a orixe etimolóxica desta palabra. Por un lado pode considerarse proveniente do latín canthu (< grego kanthos) co significado de esquina ou lado dunha cousa, o cal se axusta á súa situación á beira do río Ulla.

E outra opción é que proveña da raíz preindoeuropea cant-" rocha, pedra", que atopamos en nomes como cantil, Cantábrico, canteira.... De todas formas estes dous significados non son excluíntes. Como vemos no caso da palabra preindoeuropea *corn (vista no apartado de Pozo da Cornelia) significaba tamén pedra e nalgúns casos tomou o significado de esquina (por exemplo no caso do inglés "corner").



TOPÓNIMO: TARROEIRA

Nome que alude a unha característica material da propia terra, á súa calidade chea de terróns (anacos de terra endurecidos). Do latín terra, ten outras variantes: terroeira e terroira, e tamén denomina a unha casa pequena con pavimento de terra.



A auga

As correntes de auga son outro elemento natural permanente e igual que pasaba coas montañas, a súa onomástica é primitiva e universal, hai nomes de ríos que parecen repetirse en medio mundo sinalando migracións antiquísimas. O signo da auga é fecundar, ademais de ser curativa, daí a súa devoción polos primitivos: hai nomes de divinidades como

Deva ou *Navia* que non significan máis que iso: “río”.

Nun país chuvioso coma o noso, cheo de ríos, regatos, pozas e fontes naturais, a hidronimia é abundantísima, sobre todo a chamada “menor”, que queda fóra do nomenclátor oficial aínda que non por iso é menos importante e digna de ser respectada e conservada.

TOPÓNIMO: O RIAL

Provéen da palabra latina regale, derivada de rego, asociada a pequenos arrosios, moi frecuentes como corresponde a un país accidentado e chuvioso.


Aínda hoxe en día se pode contemplar o regato que transcorre por este lugar. É moi frecuente en Galicia nomear non só os cauces caudalosos senón incluso fontes e pequenos regatos, o que nos dá unha idea da importancia da auga na nosa terra.



TOPÓNIMO: FONTAÍÑA

Orixe etimolóxica no latín fonte. Trátase dunha fonte pequena, un nacente de auga que brota permanentemente do solo. Nunha época en que non había auga corrente nas casas a existencia destes mananciais próximos era fundamental para a subsistencia.


As lendas e mitos son moi abundantes na nosa terra, sobre todo os referidos ó elemento máis importante da nosa vida: a auga. Bouza Brey recolle que “entre os diversos aspectos que presenta a crenza animista das augas, figura a que supón o poboamento destas por seres marabillosos, por xenios de carácter especial que na nosa terra acadan diferencias específicas. Nos nosos relatos tradicionais, cítanse en primeiro lugar os *encantos* que moran ademais de nas covas ou minas, nas fontes e nos ríos. Estes seres, no sentir dos nosos primitivos, son, en Galicia, homes e mulleres escravizados polo demo, que dispoñen de grandes tesouros, que andan moi ben portados e que non morren xamais; pero sempre están pensando na maneira de que os desencanten e os deixen, unha vez libres do poder demoníaco, vivir entre cristiáns.”



TOPÓNIMO: CALDEIRÓN

O seu significado é o de lugar entre rochas onde se xunta a auga da chuva. Palavra derivada de caldeira, "canle para rega-las terras", e esta de cal, sinónimo de canle, do latín canale.

O Caldeirón de Abaixo atopámolo en Porto a escasos metros da Praza dos Valeiros.



TOPÓNIMO: A CHARCA

Palabra con orixe no mozárabe cherco, proveniente así mesmo do latín circu, círculo. En sentido estricto é a porción de auga parada nun foxo. Efectivamente, o topónimo que nos ocupa é un humedal con frecuencia anegado coas chuvias do inverno. Correspóndese co nome oficial da Avenida de Arousa pola que transcorre a estrada que une Pontecesures con Vilagarcía.




TOPÓNIMO: ULLA/ULLÁN

Hidrotopónimo que ten sido interpretado como proveniente da forma latina *via*. Así o facía o Padre Sarmiento, baseándose no topónimo Pontevea, "que está sobre o Ulla". Perde forza esta opinión vendo a forma antiga deste nome de lugar nos documentos medievais: *velegia*.


A explicación máis sólida é a dada por outro antigo lexicógrafo, o Padre Sobreira, que di: "Nace de unos manantiales que en buen gallego llamamos ulloas y bulloós, atendiendo a que sus aguas brotan hacia arriba haciendo aquellas ampollas, que los latinos llaman bullas y nosotros hemos llamado burbujas en castellano. De aquellos Ulloós deriva su origen el Ulla."

Proviría, pois, do vocábulo latino *oculu* > *ollo*, brote, por alusión á fonte onde naceu o río. Desta forma latina proceden tamén as palabras galegas actuais: *illó*, *ulló*, e *ulleiro* que significan manancial, pantano e poza, e fóra de Galicia temos o exemplo da palabra de ámbito mediterráneo "*ullais*" (mananciais).

A mesma orixe ten a forma Ullán, nome que recibe a comarca bañada polo Ulla.



A primeiros de século, a vida económica e social da comarca xiraba en torno ó río Ulla




TOPÓNIMO: GORGULLÓN

Deriva do vocábulo latino gurgulio, "brote de auga que nace na terra" que deu como resultado as palabras galegas gurgullo e burbulla. Efectivamente no lugar ó que dá nome este topónimo atopamos aínda unha fonte.

O mesmo pasa co lugar veciño de Bronllo en Valga, coa mesma orixe e significado.


Como curiosidade dicir que o antropónimo Borbón, que dá nome á dinastía monárquica, ten tamén a mesma orixe etimolóxica.



TOPÓNIMO: POZO DA CORNELIA

No lugar así chamado atopábase unha entrada de terra no río, cun buraco que ó subi-la marea se enchía facendo un pozo (do latín puteu).

En canto ó segundo elemento do topónimo, uns din Cornelia e outros Cornela; en calquera dos casos a orixe está na voz pre-céltica *carn ou *corn, "pedra". Este significado refórzase con outros nomes de lugar á beira do río: Cantiño (do preindoeuropeo cant- "pedra, rocha") ou o propio nome de Peirao (do latín petra, "pedra", préstamo do grego), todos eles aludindo ás características pedrosas da beira do río. Outros topónimos coa mesma orixe son Carnota, Cornide, Cornas ou o francés Cornualles.




Asentamentos humanos

A través dos topónimos incluídos neste apartado pódese rastrexar a historia: o primeiro asentamento prehistórico, os núcleos de poboación formados en torno a igrexas ou capelas, a crueldade da lepra na Idade Media ou as diferentes formas políticas no século XX, que motivaron os sucesivos nomes da Prazuela.

TOPÓNIMO: O CASTRO

(do latín castru). Os castros son aldeas da Galicia prehistórica (do século VI a. C. ó I d. C.) de forma oval ou circular, de carácter defensivo situados por isto a maioría no cumio de outeiros. No caso que nos ocupa tamén está nun alto, en Infesta; posiblemente fora o núcleo de poboación primitivo que logo se iría estendendo polas ribeiras do Ulla. Hoxe non queda máis resto deste asentamento prehistórico có propio nome do lugar.




TOPÓNIMO: ALDEA DE ABAIXO

Aldea é unha das poucas mostras árabes que quedou no léxico e na toponimia (< alday'a). Unida ó adverbio abaixo, do latín tardío bassu dá o lugar de Aldea de Abaixo. O significado de Aldea foi evolucionando do máis concreto (casa familiar con tódalas súas dependencias) ó significado de pobo pequeno rural de poucos veciños e ó máis xenérico de " ámbito rural". A aldea é un elemento básico sobre o que se asenta a parroquia, peza clave esta última na estrutura territorial e social do país.



TOPÓNIMO: QUINTEIRO

Topónimo abundantísimo, pódese dicir que en case tódalas aldeas galegas houbo un quinteiro, especie de praza ou terreo comunal de reunión dos veciños. Deriva do latín *quintariu* < *quintus*, -a, -um. Nun principio era a quinta parte dun terreo ou herdade e despois calquera territorio cercado máis ou menos grande.



TOPÓNIMO: PRAZUELA

Procede do latín platea e vén sendo a versión máis urbana do quinteiro, "lugar aberto e espacioso rodeado de edificios onde se reunen os veciños". A historia desta praza é reflexo do devir político do pobo, chamouse Praza de Alfonso XIII, Praza da República, Praza do Generalísimo Franco e finalmente adoptouse o nome co que popularmente é coñecida. Precisamente respectando esa forma popular e por tratarse dun lugar emblemático no pobo adoptouse unha forma "de concordia", mantendo a terminación - uela a pesar de ser castelá (a forma correcta en galego sería A Praza ou Praciña).



As actuacións que se realizaron na praza modificaron o aspecto que presentaba no primeiro cuarto do século XX.




TOPÓNIMO: COUTO

(do latín *cautu*, "lugar cercado")

O significado evolucionou desde a súa orixe: primeiramente eran as terras pertencentes a un mesmo señor e despois simplemente un número de casas que forman grupo dentro dunha aldea.


Polo tanto, o Couto ó que nos referimos sería un núcleo de vivendas dentro da aldea de Condide.



TOPÓNIMO: CRUCEIRO

Do latín cruciariu, procedente así mesmo de cruce "cruz". Lugar de Carreiras chamado así por atoparse alí un cruceiro que segundo se desprende dunha das innumerables inscricións esculpidas, data do ano 1747. No retablo aprécianse as imaxes do Cristo, S. Antonio e a Raíña dos Anxos, patroa deste lugar á que se adica unha festa.

O cruceiro é unha cruz monumental de pedra que se colocaba nas encrucilladas dos camiños, nos lindes das parroquias ou nos adros das igrexas sobre unha longa columna (o varal) asentada sobre unha plataforma escalonada.



TOPÓNIMO: SAN XULIÁN DE REQUEIXO

O significado de Requeixo amósasenos claro e aínda se recolle nalgúns dicionarios como voz viva "terreo en costa para entrar nunha chaira", semántica moi de acordo con tódolos lugares que levan este nome (no caso de S. Xulián efectivamente as casas vanse escalonando cara Infesta).

A etimoloxía sen embargo non está clara, unha opción é considerar que a palabra procede do verbo latino caedere "cortar" cun sentido igual ó de Cesures. Outra é a que a relaciona co topónimo Queixa, derivando ambos do latín capsā "caixa", referíndose ás chairas ou "caixas orográficas" situadas ó pé destas elevacións de terreo.

Ata 1868 S. Xulián de Requeixo foi unha parroquia adscrita á de Sta. María de Herbón; isto no que se refire á xurisdicción eclesiástica, xa que administrativamente, a raíz da nova división provincial levada a cabo en 1833 pasou a formar parte do Concello de Valga. Os primeiros datos históricos remóntanse á época do Bispo Xelmírez que fixo construír a Capela Románica. Anos máis tarde, nunha remodelación da Capela en 1918 atopáronse restos anteriores, da época romana, achádegos catalogados polo Museo Provincial de Pontevedra.



TOPÓNIMO: SAN LOIS

Rúa que debe o seu nome á Igrexa parroquial de S. Lois, ubicada na Prazuela, que orixinariamente foi a hermita da Malatería. O Cardenal Jerónimo del Hoyo, que visitou S. Xulián de Requeixo en 1607 nas súas "Memorias" di: "en esta feligresía está la hermita de los lacerados que es la que está pasando la Puente Cesures, hacia Pontevedra. Llámase Sant Luis". Esta hermita foi demolida en 1893 para construí-la igrexa actual.

A pesar de ser S. Lázaro o patrón dos leprosos e ser a parroquia a de S. Xulián, o nome de S. Lois consolidouse a raíz de que aparecese na leprosería unha imaxe de S. Luís Rei de Francia, imaxe seguramente donada por algún peregrino francés dos que viñan a Compostela ou por algún enfermo de lepra. Hai que ter en conta que o mal da lepra estaba estendidísimo na Idade Media e o tráfego de xentes que peregrinaban a Santiago foi a causa de que os leprosos acudisen a Galicia en maior número, de santuario en santuario buscando a curación milagrosa.

Ata tal punto se consolidou o nome de S. Lois que cando Alfonso XII outorgou o título de vila a Cesures (o 19-XII-1881), fíxoo co título de "Villa de S. Luis de Cesures"



TOPÓNIMO: RÚA NOVA

Na actual Rúa Nova atopábanse curiosamente as que sen dúbida podemos considerar as casas máis antigas da vila, son as que constituían a Malatería ou Hospital de Leprosos. Na Idade Media o mal de S. Lázaro ou lepra estaba moi estendido e quizais debido á afluencia de enfermos que acudían buscando a curación a Santiago, Galicia foi especialmente castigada. Do século XII datan a maioría das malaterías (tamén chamadas Gaferías) que houbo en moitas cidades e vilas de Galicia.

No Arquivo Histórico Nacional en Madrid consérvase un libro de contas e inventario titulado "Libro Segundo de la Obra Pía y Capilla que se haya sita en el lugar nombrado de la Malatería y S. Luís, términos de la feligresía de S. Julián de Requeixo...". A Leprosería nestes anos constaba de sete casas de pranta baixa unidas entre si e sitas no Camiño Real (cando en 1966 se iniciaron as obras da rede de sumidoiros na rúa de S. Lois puido verse como a certa profundidade quedaba ó descuberto a cementación e obra de sillería do Camiño Real que ía desde a Malatería á Ponte Romana). O coidado do hospital e os seus bens estaba a cargo dun Administrador que nomeaba o Arcebispo de Santiago. Estes bens consistían, ademais das casas, nalgúnhas rendas que posuían nos arredores, aínda que moi escasas, as esmolos que recadaban no petitorio e coas "cancións" o día de S. Lázaro e as contribucións que acostumaban a facer nos testamentos os veciños da bisbarra. A primeira referencia documental dánola o historiador valgués Ferro Couselo, e é precisamente un destes testamentos, do ano 1473. Nos anos que abarca o Inventario ó que antes nos referimos, do ano 1762 ó 1828, o número de enfermos é xa escaso e no primeiro tercio do s. XIX o socorro ós leprosos faise nos propios domicilios, as casas do lazareto son consideradas como "propias" e pasan a ser da veciñanza.


Hoxe o nome de Malatería co que era coñecida esta rúa perdeuse quedando o de Rúa Nova, nome adoptado posteriormente; por toda Galicia consérvanse sen embargo moitos lugares senón co mesmo nome si coa variante malatos, nome co que se coñecía ós leprosos: Malatos (Viveiro), S. Xiao dos Malatos (Tui)...., todos eles relacionados con antigas leproserías. En Pontecesures aínda subsiste unha romaría que se celebra na honra de S. Lázaro, santo protector dos lacerados, con moita asistencia de romeiros dos arredores e unha rúa que leva tamén o nome do santo.

Os topónimos que fan referencia á enfermidade da lepra complétanse co nome de "gafo", nome despectivo co que se denominaba ós enfermos (< do xermánico gafa "gancho"), referíndose á forma curva ou ganchuda das extremidades dos que padecen a enfermidade (así encontramos o Río dos Gafos preto de Pontevedra ou a Praia da Gafa en Portosín)



TOPÓNIMO: CAGAXOL

Descoñécese a orixe deste nome de lugar e non hai noticia de que exista en ningún outro sitio. Tras preguntar a distintos especialistas e ós propios veciños do lugar,foinos imposible atopar un significado. No galego non existe esta palabra e no portugués atopamos a palabra cagaçal "montón de lixo ou cousas inútiles", que podería ter algunha conexión remota pero só é unha hipótese.



TOPÓNIMO: BARRIO DA COVA

Así se denomina ás terras que pertencían ó Pazo da Cova, propiedade do Doutor Manuel Devesa.. Situado no camiño entre O Telleiro e Porto, os seus terreos chegaban ata os Peiraos, incluíndo os que hoxe ocupa a Empresa Nestlé. Nos anos 30 houbo a intención por parte dalgúns intelectuais galegos de mercar o Pazo para regalarlo a D. Ramón del Valle- Inclán para que pasase alí os seus últimos anos de vida pero o escritor declinou o ofrecemento.



Pazo da Cova



TOPÓNIMO: TRAVESÍA DA BANDEIRA

Fai referencia á bandeira do Carmelo, que forma parte da procesión o día do Carme (o primeiro domingo de xullo), sendo portada por valeiros uniformados e cos remos ó lombo. A bandeira (palabra con orixe no gótico *banwo* > *bandwaria* "signo, estandarte") foi regalada en 1912 por cesureños emigrados a Cuba á desaparecida "Liga de Amigos El Carmen". Foille entregada a D. José Llerena Braña e desde entón permanece en depósito na casa desta familia, na Paxareira; precisamente o nome da rúa á que nos referimos alude ó paso da bandeira desde alí a Portarraxoi por onde baixa cara a Igrexa. A bandeira que hoxe sae na procesión é unha reprodución da orixinal (que se atopa exposta no Salón de Plenos do Concello), na que se poden ver dúas curiosidades: por un lado o xentilicio que alí figura é "cesurenses" e por outro a diagonal da banda azul da bandeira galega está en sentido contrario.



Bandeira do Carmelo.



O traballo


Inclúense baixo este epígrafe os nomes de lugar que fan referencia ás actividades profesionais máis frecuentes no concello. Pontecesures ten unha importante tradición mariñeira con dous colectivos autóctonos: os valeiros e as patifas, que aparecen reflectidos en sendos topónimos. Así mesmo, relacionado coa importante actividade que historicamente tivo o porto de Pontecesures está a creación da Factoría.

O traballo da terra está presente nos lugares do Agro do muiño e do Hórreo.

TOPÓNIMO: PRAZA DOS VALEIROS

Co nome de valeiros son coñecidos os mariñeiros de Porto. En canto á orixe desta palabra, hai quen pensa que vén do nome das embarcacións que usaban: mecos "veleiros". Piñeiro Ares en cambio entende que o termo é unha derivación morfolóxica do verbo "valar", rodear con redes áreas ricas en peixes. Os pescadores do Ulla estendían as redes, deixándoas caer no fondo do río, logo facíase un círculo ou "valado" e golpeaban a auga do río cos remos; os peixes ó intentar escapar caían nas redes. A importancia histórica do Porto de Pontecesures é innegable e a tradición mariñeira chega ata os nosos días. Hai que ter en conta que o Ulla desde Pontecesures ata a Ría de Arousa é perfectamente navegable e que foi un río de pesca abundante, do que nos dan noticia documentos antigos. En 1607, o Cardenal Jerónimo del Hoyo, nas súas "Memorias del Arzobispado de Santiago" di: "Hay muy buenas carnes y baratas, y mucha diferencia de pescados de mar trayen el río arriba de los puertos, y en el río grande que nombra La Ulla, se pescan muchas lampreas, salmones, sábalos, reos, angulas y truchas, todo ello muy bueno. Navegan por este río grandes navíos, cargados de mercaderías y otras cosas".

O Padre Sarmiento na súa viaxe de 1754 resalta tamén a importancia mariñeira de Requeixo que contaba xa daquela con 185 homes e 43 embarcacións. Hoxe segue habendo un bo número de valeiros no barrio de Porto pero a pesca no río escasea e redúcese á lamprea (á que se adica unha festa gastronómica no mes de marzo), e á solla fundamentalmente.



Dornas utilizadas antigamente polos valeiros para a pesca no río



TOPÓNIMO: PATIFAS

En relación tamén coa pesca está a tradición das Patifas, vendedoras de peixe. A orixe do nome é descoñecida, hoxe no galego non se rexistra como voz viva, pero sí no portugués atopamos a palabra "patife", aínda que non como substantivo senón como adxectivo masculino co significado de desvergoñado, aínda que antigamente significou tamén tratante, vendedor. Seguramente houbo unha derivación do significado baseándose no tópico do carácter desenvolto dos vendedores ambulantes. Hoxe é unha profesión desaparecida, hai mulleres que venden peixe pero nas prazas de abastos de Pontecesures ou Padrón. As Patifas eran mulleres que se erguían de madrugada para recolle-lo peixe ,case todo traído de Marín, Ribeira, Rianxo, e logo saían andando con burros cargando o peixe para vendelo por toda a comarca do ULLA (Lestedo, Barcala, Veá, Sta. Mariña...). Por datos dados por algunha delas sabemos que na posguerra había arredor de 50 patifas, fundamentalmente das aldeas de Infesta, Carreiras e Porto. O sistema de pago era o troco, é dicir cambiaban o peixe por ovos, patacas, millo, etc



“Peixeira” de Carlos Maside



TOPÓNIMO: PORTO


(do latín portu, "porto"). Son varios os historiadores que falan do Porto e nos dan datos históricos, situándoo xa na época romana. Ferro Couselo considera fundado que este foi o antigo porto romano de Iria, e vai máis alá: cre que non é improbable que o "oppidum", é dicir, a capital do territorio se achase inicialmente no inmediato outeiro coñecido como Monte de Porto, no que se atoparon restos dunha importante poboación histórica intensamente romanizada. A capital con posterioridade estableceríase en Iria Flavia.

López Ferreiro en "Orígenes de la Iglesia Compostelana" cita os dous portos que tivo Iria, "un para buques de maior porte, o outro para barcos de pouco calado". O primeiro estaba como a un kilómetro da Ponte Cesuris, na marxe esquerda do Ulla, nun recodo que fai o río en ángulo recto, e xunto ós lugares que aínda hoxe levan o nome de Porto de Arriba e Porto de Abaixo. Sobre este sitio levántase unha empinada loma, denominada Monte de Porto, a cal separa a conca do Ulla da Veiga de Campaña. O outro porto é o coñecido como "Porta do Murgadán", onde di a lenda que desembarcaron o corpo de Santiago Apostol, no mesmo lugar onde se edificou a actual Igrexa parroquial de Padrón."

A época de máis esplendor viría ligada ó Bispo Xelmírez (m. en 1140) quen convertiu o porto nun asteleiro onde construíu unha flota de barcos cos que facer fronte por mar ás incursións dos normandos e almorávides. Trouxo expertos constructores navais e a mariñeiros de Arlés, Xénova e Pisa. Constrúe por primeira vez naves con velas (os barcos dos que dispoñía ata entón eran de carga e ían a remo). Cesures era ademais o lugar por onde se establecía todo o comercio marítimo que surtía á cidade de Santiago de sal, peixe e viño.

Xa no século XV, EN 1467, Enrique IV dictou unha Provisión pola cal se declaraba a Cesures como único porto habilitado para a carga e descarga de toda a Ria de Arousa dos barcos que transportaban sal.

Co tempo o porto foi perdendo importancia comercial pero o barrio de Porto mantivo sempre a tradición mariñeira, da que se trata máis polo miúdo no apartado adicado ós valeiros.



TOPÓNIMO: AGRO DO MUÍÑO

Agro significa “campo”, procede do latín *ager*, *agri*, con orixe nunha forma anterior pre-indoeuropea. Muíño, do latín *molinu* (*saxu*), “pedra de moer”. O agro do muíño era o lugar onde estaba situado o muíño que normalmente tiña carácter comunal. Os muiños ademais da súa función específica tiveron enorme importancia como difusores e transmisores da cultura popular. Era moi frecuente que nas reunións improvisadas que se producían mentres se esperaba polo turno para moer, se relatasen contos, lendas, cancións e se lle dera un repaso á vida cotiá da parroquia.


No lugar de Infesta pódense contemplar os restos, aínda recuperables, dun deses vellos muíños de auga que salpican toda a xeografía rural galega.



TOPÓNIMO: HORREO

Do latín horreu, os horreos eran construcións complementarias da casa labrega, destinadas fundamentalmente a gardar, secar e curar as mazarocas do millo e preservalas da humidade e dos ratos.

A riqueza das familias medíase entre outras cousas pola cantidade de claros que tiña o seu horreo, é dicir, polo seu tamaño. Segundo as zonas recibe tamén as seguintes denominacións: cabaz, cabaceiro, celeiro, palleira, piorno, canastro, etc.



TOPÓNIMO: CARREIRAS

Provéen do latín vulgar(via) carraria < lat. carrus "carro de catro rodas galo". Designa antigas pegadas ou carrís producidos no lugar polo paso continuado de carros. É este un topónimo estendido por todo o territorio galego e a presenza en textos moi antigos (aparece xa nun documento do ano 818) dámos idea do tempo que este instrumento de traballo leva entre nós.



TOPÓNIMO: A FACTORÍA


Con este nome eran coñecidos os "Almacéns de Rentas Estancadas", entre as que figuraban as chamadas sete rentillas: sal, tabacos, chumbo, nitratos, pólvora, xofre etc. Foron construídos en 1795 por mandato de Carlos IV, seguramente a raíz de ser Cesures o único porto da Ría de Arousa habilitado para descargar sal desde 1467, ano no que Enrique IV dictara tal provisión. É polo tanto o almacén de sal ou Alfolí (do árabe alhori) un dos de máis actividade. Como curiosidade comentar que o Rei destinou como Administrador dos Almacéns a D. José Gasset Montaner, militar catalán que sería o bisavó de José Ortega y Gasset, un dos máis importantes pensadores do s. xx.

Tivo a Factoría unha curta vida xa que sería vendida polo Estado no ano 1840, debido á perda das colonias de América e a conseguinte diminución do tráfico de tabaco. Houbo un intento de cultivar tabaco nestas terras que non fructificou.

No ano 1900 declarouse un grande incendio nos Almacéns e na antiga Estación de Ferrocarril; durou tres días e afectou ós compartimentos interiores, madeiras, vigas, etc. Consérvase sen embargo o exterior perfectamente co seu escudo borbónico e o texto esculpido no frontispicio da edificación central: "LOS ALMACENES DE LA RENTA DEL TAVACO CONSTRUIDOS EN EL AÑO MDCCVC REINANDO EL SR DN CARLOS IV"



Edificio das rentas do tabaco



TOPÓNIMO: A CALEIRA

Así era coñecida popularmente a empresa "Caleras del Ulla" de D. Ramón Diéguez e así se coñece hoxe o lugar onde estaba ubicada.

Complementando a produción industrial desta empresa creouse un taller de cerámica, "A Cerámica Celta", a partir doutra iniciativa anterior, a "Cerámica Artística Gallega" de D. Eugenio Escuredo. Este ó deixar o pobo traspasoulle a utillaxe da súa cerámica a D. Ramón Diéguez que continuou co traballo anterior introducindo unha novidade: a técnica do vidriado.

A lista de colaboradores da Cerámica Celta foi importantísima ata 1963 en que cesaron as actividades artísticas. Ademais do grupo de artesáns e decoradores procedentes xa da Cerámica Artística (Jamardo Grela, Rafael Ochoa, Oria Moreno...) polo taller pasaron artistas da talla de Castelao, Carlos Maside, Devantier, Carlos Bóveda, Bonome, etc. Da Cerámica Celta saíron pezas valiosísimas inspiradas case sempre na Galicia rural: labregos, valeiros, patifas, horreos, cruceiros, curas, etc.



TOPÓNIMO: AS FEIRAS DO AUTOMÓBIL

En 1925 celebrouse en Pontecesures a Feira do Automóbil de Ocasión, a primeira deste tipo celebrada en España, promovida por varios industriais do pobo (Eugenio Escuredo, Víctor García, Salvador Sierra...).

Durante os meses de abril e maio levouse a cabo un forte labor propagandístico. Carlos Maside fixo un cartel anunciador da Feira e Castelao debuxou tres ou catro caricaturas no xornal Galicia, glosando algúns aspectos do certame.

O 27, 28 e 29 de xuño instaláronse nos peiraos os expositores e stands non só de automóviles senón tamén de industria e artesanía. Tivo esta primeira edición tanto éxito e afluencia de público que se volveu celebrar o ano seguinte. A pesar de ser un pobo tan pequeno e recién constituído como concello independente, a súa situación privilexiada, fronteiriza entre dúas provincias e equidistante das principais cidades galegas propiciaría este éxito.


En 1926 debido ás múltiples solicitudes de industrias dun oco para expór as súas mercancías, ampliouse o certame anunciando unha Feira-Exposición non só de automobilismo senón para toda a industria e o comercio. Ademais, na víspera da Feira do Automóbil celebrouse un concurso de gando, que coincidiría coa inauguración dunha Feira de gando vacún que se celebrará despois tódolos meses. Como actividade paralela nesta edición montouse unha praza de touros desmontable onde se celebraron novilladas os días 27 e 28.

Non se repetiría A Feira ata os anos 1950 e 1954, ampliándose xa ó Campo da Insua.

En 1985 inaugurouse o monumento conmemorativo da 1ª Feira do Automóbil, unha reprodución do 1º automóbil que rodou polas estradas galegas, que ocupara un posto de honor na Feira de 1925.



Feira do automóbil celebrada en 1950




Flora e fauna

A débeda do home cos bosques e as plantas é manifesta: son abrigo, sustento e farmacopea, polo que desde a antigüidade lles rendiu culto. Moitos rincóns no noso chan levan nome pola vexetación que os cubre ou cubriu, xa que en casos puido ter desaparecido. A pesar diso, o topónimo queda como pegada indeleble dunha realidade pasada, como testigo fidedigno. En canto á fauna, no noso concello é escasa a aportación á toponimia, quedando constancia só dun caso: a Paxareira.

TOPÓNIMO: FENTEIRA


Lugar cheo de fentos (< do latín filictu). Así como a palabra fento ten as variantes felgo, feito, o lugar cheo de fentos chámase tamén fieiteira ou filgueira, topónimo moi frecuente.



TOPÓNIMO: SOUTO


Provéen da palabra latina saltu "bosque". Aínda que hoxe se utiliza só referido a bosques de castiñeiros, antigamente usouse para os de carballos e outras especies caducifolias.

O soto é tamén un espacio aberto nun cruce de camiños, definición que se aproxima máis á realidade do lugar aludido.




TOPÓNIMO: CAMIÑO DOS ACEVEDOS

Acevedo é un lugar cheo de acivros, proveniente do latín *aquifoliu* <acu "agulla"+ folia "folla", o nome fai fincapé na forma espiñosa das follas desta planta típica do Nadal. Sen embargo é moi posible que o motivo do nome veña dado pola proximidade dunha finca propiedade da familia dos Otero Acevedo, a denominada "O Castro".



TOPÓNIMO: A TOXA


Lugar con toxos, toxeira. A pesar do común que é esta planta en toda Galicia, a orixe non está clara. O seu nome latino é "Ulex europeus" e crese que a forma actual procede dunha forma preindoeuropea togiu, aínda que os lingüistas non se poñen dacordo. O toxo é unha planta de follas con espiñas e flores amarelas de ata dous metros de altura, elemento cotián nas casas labregas galegas por servir de cama ó gando e despois de abono para as terras.



TOPÓNIMO: RÚA DAS MIMOSAS


Provéen do latín mimosa, proveniente así mesmo do grego mimos, "imitador" (por alusión á contractilidade dos seus talos e follas que parecen facer xestos).

Planta leguminosa que chega a acadar os cinco metros de altura. Flores en pequenas boliñas amarelo forte, en acios alongados que aparecen en xaneiro. Florece en febreiro, sendo por isto unha flor típica de antroido.



TOPÓNIMO: RÚA DAS HERBAS / RÚA DAS FLORES

As Rúas das Herbas (< latín herba) e das Flores (< latín flore) teñen significados que non precisan maior explicación. Os nomes destas rúas non se corresponden cunha presenza destacada destes elementos vexetais na zona aludida, senón, máis ben, coa vontade de nomear dalgún xeito os diferentes lugares e camiños do concello.



TOPÓNIMO: A PAXAREIRA

En canto á FAUNA só hai un topónimo relacionado: A PAXAREIRA. Segundo nos contaron os propios veciños do lugar, aquí existiu un lavadeiro xunto a unhas árbores nas que se reunían moitos paxaros que deleitaban co seu canto ás persoas que alí lavaban.



Nomes propios

No pobo hai un bo número de rúas que levan o nome de persoas. Na maioría dos casos houbo unha vontade expresa de que así fose, adicándollas desde o concello en recoñecemento ó seu labor, hai entre eles artistas, médicos ou empresarios. Noutros casos, foi o uso popular o que afianzou o nome (por exemplo a Rúa do Coengo).

TOPÓNIMO: CARLOS MASIDE

Debuxante, gravador e pintor, é unha das principais figuras do movemento de renovación plástica da arte galega durante o segundo tercio do século XX, tanto polo carácter innovador da súa obra como pola profundidade das súas exposicións teóricas. Naceu o 17 de marzo de 1897 en Pontecesures, onde seus pais, coñecidos como "Os Brañeiros", tiñan unha tenda de tecidos e encaixes na Rúa de S. Lois. Aquí viviu ata 1913, ano no que morre o pai, e a familia, debido ás dificultades económicas, trasládase a Santiago. As vivencias da súa infancia estarán moi presentes ó longo da súa obra, desde a pequena tenda familiar, ós traballos dos pescadores no porto, os traballos dos labregos, os feirantes.

A pesar de ter que traballar nun almacén non abandona os estudos e consegue dúas bolsas concedidas pola Deputación de Pontevedra, unha en Madrid e outra en París, onde toma contacto co panorama artístico europeo, en plena efervescencia nese momento. Todo isto influirá nas súas propias búsquedas pictóricas, baixo o prisma da tradición e a cultura do seu propio país, expresando a realidade do seu pobo con linguaxes contemporáneas

Como debuxante, ata a Guerra Civil colaborou en distintas publicacións- Faro de Vigo, El Pueblo Gallego - con viñetas satíricas diarias.

Foi un home comprometido que participou nos acontecementos políticos que lle tocou vivir. Durante a súa estancia en Madrid participa nos actos de oposición á Dictadura de Primo de Rivera, o que lle suporía a entrada en prisión ó tempo que se relaciona cos intelectuais que colaboraban na revista Nueva España, na que publicaría numerosos debuxos.

De novo en Galicia colabora nas eleccións de xaneiro do 36 a favor da Frente Popular e despois no proceso a prol da consecución do Estatuto de Autonomía con viñetas e carteis.

Trala Guerra Civil é inhabilitado para exercer a docencia e entra nun illamento voluntario ata 1945 en que volve expoñer en Vigo.

Asiduo asistente a tertulias, mantivo contactos con intelectuais tanto do ámbito galego como do español - G^a Lorca, Valle Inclán, Rafael Dieste, Manuel Antonio, Luis Seoane... Colaborou cos poetas, prestou as súas ilustracións ás novas editoriais e apoiou ós artistas que iniciaban o camiño da renovación pictórica, para os que foi un referente ata a súa morte en 1958, en Santiago de Compostela.

A rúa que leva o nome do pintor anteriormente era coñecida por "O Telleiro" (do latín tegula, tella), e a pesar de ter investigado e preguntado ós máis vellos non tivemos noticia de que alí houbo alguén adicado a traballa-lo barro como parece indicar o nome.



Maside en compañía doutro ilustre cesureño "Borobó" nos anos 50



TOPÓNIMO: MANUEL OTERO ACEVEDO

Naceu o 17 de abril en Rosario de Santa Fé (Axentina) e morreu en Pontecesures o 19 de xuño de 1920.

Cursou estudos de Medicina na Universidade de Santiago, doutorándose na de Madrid. Logo, respaldado por unha boa situación económica familiar, emprende continuas e longas viaxes polo estranxeiro, especializándose na cirurxía do sistema nervioso.

Foi o primeiro neurocirurxián español que efectuou con éxito a operación do nervio simpático cervical, o que lle valeu ser nomeado en 1896 Profesor de Neurocirurxía do Instituto Cirúrxico da Moncloa, sendo o primeiro en acadar este título e en practicar dita especialidade con carácter exclusivo.

Ademais da súa faceta como médico, Otero Acevedo era home dunha grande cultura, moi afeccionado ó xornalismo e ás artes. Foi fundador, director e redactor do xornal compostelán "Pero Grullo" (moi popular na época pola súa mordacidade) e amigo de personalidades literarias como Valle-Inclán, Pío Baroja ou Ionescu.



Manuel Otero Acevedo



TOPÓNIMO: VÍCTOR GARCÍA LOZANO

Naceu en Pontecesures o 6 de marzo de 1886. Exerceu como médico en Valga e Pontecesures. Era tan apreciado polos seus pacientes que aínda que por imperativo legal se xubilou en 1956, continuou exercendo algúns anos máis a petición dos veciños.

Foi ademais un home preocupado por todo o que acontecía na súa vila, embarcándose en canto proxecto xurdía. Tivo que ver na creación das Feiras do Automóbil e na posta en marcha da "Cerámica Celta" (foi el quen trouxo a Castela, antigo compañeiro de aulas universitarias, a colaborar na empresa). Tamén foi impulsor da creación da Biblioteca Escolar e Popular, xunto co mestre Antonio Vázquez Rey e gracias ás aportacións económicas de Manuel Vicente Moure (que actualmente dá nome ó Parque Infantil).

Foi nomeado Fillo Adoptivo de Valga e Fillo Predilecto de Pontecesures, título que hoxe ostenta tamén o seu fillo, o ilustre periodista D. Raimundo García Domínguez "Borobó". Víctor García morreu en Pontecesures o 2 de abril de 1963.



Víctor García



TOPÓNIMO: ALEJANDRO MIGUÉNS PARRADO

Poeta nacido en Pontecesures o 3 de novembro de 1874. Coursou Latín e Humanidades no convento franciscano de Herbón e concluíu a carreira eclesiástica no Seminario de Compostela. En plena xuventude emigrou a Arxentina, na cidade de Córdoba ordenouse sacerdote e desempeñou unha cátedra no Seminario e tamén na Universidade. Entre as súas obras: Poesías(1905), Hermosa y fuerte (1912), Vox Clamantis (1915), Canto Secular (1913)... En 1926, catro meses antes da súa morte, foi elixido Membro Correspondente da Real Academia Galega , para tal ocasión escribiu o poema en galego:"Pro aris e focis".



TOPÓNIMO: EUGENIO ESCUREDO LASTRA

Naceu en Vigo en 1890 e afincouse en Pontecesures tras montar unha fábrica de ladrillos en Campaña (Valga) en sociedade coa empresa cesureña Novo y Sierra. Considerado un dos máis activos promotores industriais nados en Galicia, durante a súa estancia en Pontecesures foi impulsor de varios proxectos, entre eles a Feira do Automóbil de Ocasión. Ademais foi o creador da "Cerámica Artística Gallega", pequeno taller do que saíran pezas únicas, sobre todo as resultantes da colaboración co escultor Asorey: a reprodución do Pórtico da Gloria, O Tesouro, A Naiciña.

O seu espírito emprendedor levouno a traspasar as súas industrias para marchar á Guinea e adicarse á explotación dos bosques tropicais. Máis tarde regresou de novo a Galicia instalándose no Grove onde participou nunha industria conserveira. Alí viviría ata a súa morte en 1969.



Eugenio Escudero Lastra visto por Maside




TOPÓNIMO: JOSÉ NOVO NÚÑEZ

(1874-1943). Primeiro alcalde que tivo Pontecesures ó constituírse en concello o 9 de outubro de 1925. Ata 1868 S. Xulián de Requeixo fora unha parroquia adscrita á de Sta. María de Herbón no que se refire á xurisdicción eclesiástica, xa que administrativamente, a raíz da nova división provincial levada a cabo en 1833, Requeixo pasou a formar parte do concello de Valga. En 1925 constituíuse como municipio independente despois de firmarse o Pacto da Devesa entre os representantes de ambos pobos. A primitiva Casa Consistorial era a que hoxe se adica a Biblioteca, e alí permaneceu ata que en 1974 se inaugurou a actual, na Avda. de Vigo.




José Novo Núñez



TOPÓNIMO: GUMERSINDO MOSQUERA CASTROMÁN


Gumersindo Mosquera foi un médico nacido en Valga que exerceu a medicina en Valga e Pontecesures, sendo moi querido e apreciado no noso pobo pola súa adicación á xente humilde da comarca. Adicación e entrega que o fixo merecedor de ser nomeado fillo adoptivo de Pontecesures.

O 5 de xullo de 1971 ríndeselle unha homenaxe póstuma inaugurando a rúa que leva o seu nome.



TOPÓNIMO: BERNARDO MATEO SAGASTA

Deputado por este distrito nos primeiros anos do século XX, propiciou moitas obras na comarca.




TOPÓNIMO: RÚA DO COENGO

Chámase así a rúa onde estaba situada a casa de D. Antonio Moure Buela, coengo nacido en Requeixo en 1857, catedrático do Seminario Conciliar de Santiago de Compostela. Foi o principal sostedor da Capela de S. Xulián (parroquial ata 1893) e xunto co seu irmán, D. Manuel Vicente, rico empresario emigrado na Arxentina, impulsaron a reforma da Capela Románica levada a cabo en 1916. Trala súa morte a Capela perdeu importancia celebrándose só os cultos á Virxe do Pilar, patroa de Requeixo, e algún acto fúnebre, xa que arredor está o antigo cemiterio.




Casa do Coengo



TOPÓNIMO: CARLÉS

Rúa así chamada por estar situada no lugar que antes ocupaba o serradoiro que posuía a familia Carlés, familia de empresarios moi apreciada na zona.



Bibliografía

Bibliografía

- **ALONSO ESTRAVÍS**, Isaac (1995), Dicionario Sotelo Blanco da lingua galega, Sotelo Blanco, Santiago.
- **BOUZA BREY**, Fermín. La mitología del agua en el noroeste hispánico. A Coruña: Real Academia Galega, 1973.
- **CABEZA QUILES**, Fernando (1992), Os nomes de lugar. Topónimos de Galicia: a súa orixe e significado, Xerais, Vigo.
- **COROMINES**, Joan (1967), Dicionario crítico etimológico, Gredos, Madrid.
- **FERRO COUSELO**, Xesús, "Do porto iriense á malatería", La Voz de Galicia (17-V-1996). Xornal de Valga
(Especial Xesús Ferro Couselo, Día das Letras Galegas).
- **GARCÍA DOMÍNGUEZ**, Raimundo, "Borobó", Anacos, A nosa Terra 18-IV-2002.
- **MASIDE**, Carlos. Catálogo editado polo Auditorio de Galicia coa súa obra.
- **PENSADO TOMÉ**, J. Luis, Índice de topónimos de Fr. Martín Sarmiento. Viaje a Galicia 1745.
Universidad de Salamanca, 1975.
- **PIÑEIRO ARES**, José, Historia de Puenteceures, Concello de Puenteceures, 1989.
- **RIVAS QUINTAS**, Eligio, Toponimia de Marín, Verba, anexo 18, Universidade de Santiago, 1982.
- **V.V.A.A.** Dicionario da lingua portuguesa, Porto Editora, Porto.
- **V.V.A.A.** Dicionario latino-español, español-latino, Vox, Barcelona.
- **V.V.A.A.** Dicionario Xerais da Lingua, Xerais, Vigo

Edita:

Concello de Pontecesures

Colabora:

Deputación de Pontevedra

Traballo lingüístico:

Begoña Campaña Potel

Deseño:

Serxio Suárez

Imprime:

La Ibérica (Santiago)

Depósito legal: C-2816/02

